

**SECRETARÍA
GOBERNO LOCAL****Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN****CONCELLO DE
VIGO****INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Expte: 2025/1102**Asunto: solicitude de acceso a información pública**ANTECEDENTES**

En data 02.02.2026 ASOCIACIÓN DE VECINOS ZONA CENTRO DE VIGO presentou solicitude de acceso a información pública en relación ás campañas 2018 a 2026, con relación á instalación do Parque de Atraccións (Rúa Arenal e as súas interseccións con Rúa Colón e Rúa Concepción Arenal) e o Mercado Do Nadal (CÍES MARKET) e Praza de Compostela, na rúa García Olloqui, así como na Zona Acusticamente Saturada aprobada no Pleno do 25/03/2008, en Vigo. Concretamente, solicitou

"Primeiro.- Datos por instalación (por rúa/tramo).

1. Potencia de cada instalación de iluminación do Nadal (non totais): potencia nominal (W) por unidade —arco, cortina, proxector, figura, etc.— e a súa localización exacta na rúa/tramo.

2. Anchura da rúa (m) do tramo correspondente.

3. Horas de funcionamento reais: datas de inicio/fin de campaña e horario diario (incluídas ampliacións/eventos puntuais). Formato de envorcado (unha fila por instalación e tramo): Rúa/Tramo | Ano-campaña | Instalación/Modelo | Potencia (W) | Anchura (m) | Horario (ex.: 18:00–01:00) |

Segundo.- Informes de impacto/avaliación ambiental (toda a iluminación do Concello): Expedientes e informes de impacto/avaliación ambiental que afecten a toda a iluminación municipal (non só do Nadal): iluminación pública ordinaria, ornamental, festivo, proxeccións e eventos, desde 2018 (consultas, informes, resolucións e seguimentos, se existen).

Terceiro.- información sobre a zonificación lumínica".

En data 11.02.2026 solicitouse informe ao servizo de electromécánicos e servizo de comercio.

En data 17.02.2026, a solicitude do servizo de comercio, ampliouse o prazo de

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/04/2026 14:32

Páxina 1 de 5

2025-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA
GOBERNO LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN**

**CONCELLO DE
VIGO**



resolución da solicitude de acceso a información formulada pola Asociación Vecinos Zona Centro de Vigo de data 02/02/2026 polo prazo dun mes.

En data 25.02.2026 e posterior de data 4.03.2026 emitíronse os informes solciitados.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público](#) (LRXSP)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local](#) (LBRL)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#) (LPAC)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno](#) (LTAIBG)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais](#) (LOPDGDD)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE](#) (RGPD)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/04/2026 14:32

Páxina 2 de 5

2025-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA
GOBERNO LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN**

**CONCELLO DE
VIGO**



A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

O réxime xurídico previsto para ao acceso á información pública na Lei 19/2013, do 9 de decembro(LTAIBG), os seus límites e o procedemento que ha de seguirse, tan só quedan desprazadas, actuando neste caso como supletoria, cando outra norma legal haxa disposto un réxime xurídico propio e específico de acceso á información nun ámbito determinado, tal e como establece a Disposición adicional primeira apartado segundo da LTAIBG).

SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-

O solicitante solicita respecto a instalación do Parque de Atraccións (Rúa Arenal e as súas interseccións con Rúa Colón e Rúa Concepción Arenal) e o Mercado Do Nadal (CÍES MARKET) e Praza de Compostela a seguinte información:

" Aos datos por instalación (por rúa/tramo).

1. Potencia de cada instalación de iluminación do Nadal (non totais): potencia nominal (W) por unidade —arco, cortina, proxector, figura, etc.— e a súa localización exacta na rúa/tramo.

2. Anchura da rúa (m) do tramo correspondente.

3. Horas de funcionamento reais: datas de inicio/fin de campaña e horario diario (incluídas ampliacións/eventos puntuais). Formato de envorcado (unha fila por instalación e tramo): Rúa/Tramo | Ano-campaña | Instalación/Modelo | Potencia (W) |

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/04/2026 14:32

Páxina 3 de 5

2025-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA
GOBERNO LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN**

**CONCELLO DE
VIGO**



Anchura (m) | Horario (ex.: 18:00-01:00) |"

O servizo de comercio mediante dilixencia de data XX facilita mediante o seguinte enlace <https://sede.vigo.org/nube/index.php/s/r2sTQL729ZjwHk7> o informe técnico da empresa adxudicataria do contrato da iluminación decorativa de Vigo nas Campaña do Nadal de alumado e datos en excell.

En relación solicitude de acceso a información relativa a expedientes e informes de impacto/evaluación ambiental que afecten a todo el alumbrado municipal (no solo navideño): alumbrado público ordinario, ornamental, festivo, proyecciones y eventos, desde 2018 (consultas, informes, resoluciones y seguimientos, si existen).

O servizo de electromecánicos de data 25.02.2026 O departamento de electromecánicos traballa de maneira continua na mellora das instalacións en canto a contaminación lumínica, estes factores condicionan o deseño das instalacións en fase de proxecto individualmente, previa a execución das mesmas. En calquera caso, as actuacións desenvolvidas dende este departamento, pola súa natureza, non están sometidas a tramitación ambiental.

En relación a información sobre la zonificación lumínica o servizo de electromecánicos manifesta que "os criterios a asignar a cada zona contéplanse na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior que pode consultarse no seguinte enlace:

<https://hoxe.vigo.org/pdf/Ordenanzas/Ordenanzaalumado.pdf>

E por isto polo que procede facilitar a información remitida polo servizo de Comercio e servizo de Electromecánicos toda vez que a mesma constitúe información pública nos termos sinalados no art 13 da LTAIBG. dado que estamos ante información obtida por unha administración pública, que obran na súa poder, e foron obtidos no exercicio das súas funcións e competencia. En todo caso a información deberá anonimizarse (art. 15.4 LTAIBG)

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude de acceso a información correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2024.

Polo exposto fórmulase a seguinte **PROPOSTA:**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 14:32	Páxina 4 de 5
2025-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA
GOBERNO LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN**

**CONCELLO DE
VIGO**



PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada pola ASOCIACIÓN DE VECINOS ZONA CENTRO DE VIGO e facilitar a información mediante acceso ao seguintes enlaces

<https://sede.vigo.org/nube/index.php/s/r2sTQL729ZjwHk7>

<https://hoxe.vigo.org/pdf/Ordenanzas/Ordenanzaalumeado.pdf>

SEGUNDO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 de data 9.07.2024)

Dou fe, a secretaria

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 14:32	Páxina 5 de 5
2025-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		